NUM-CONSULTA: V0002-25

ÓRGANO: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

DATA DE SAÍDA: 27.02.2025

NORMATIVA:

Artigo 14. Catro do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG).

DESCRICIÓN-FEITOS:

A persoa consultante, que está divorciada, mantén a custodia compartida dos seus tres fillos co outro proxenitor. Ambos proxenitores van adquirir unha vivenda habitual de segunda man.

A persoa consultante manifesta que o seu límite patrimonial non alcanza os 400.000 euros incluíndo a vivenda que vai adquirir.

CUESTIÓN FORMULADA:

Posibilidade de aplicar o tipo bonificado de familia numerosa da que ambos proxenitores son titulares, nunha situación de divorcio con custodia compartida.

CONTESTACIÓN COMPLETA:

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

1. Artigo 14. Catro do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG). Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3%, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmoble adquirido a vivenda habitual da súa familia.

2. Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non exceda da cifra de 400.000 euros, máis 50.000 euros adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmoble, tomando este por o seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor da mesma nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se procedese á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino haberá de presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

3. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No caso de que o inmoble fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

2. Artigo 23 do TRTCG. Beneficios fiscais non aplicables de oficio

Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devengo non se aplicarán de oficio, deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practicaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.

No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación se presentase no período regulamentario de declaración.

A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.

Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade ao devengo do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e a presentación da autoliquidación faranse dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.

3. Artigo 12 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Acreditación da condición de familia numerosa.

De acordo co artigo 5 da Lei 40/2003, a condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido para o efecto, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas, por pedimento de calquera dos ou das ascendentes, das persoas que exerzan a tutela, garda ou acollemento, ou doutro membro da unidade familiar con capacidade legal.

Correspóndelle á Xunta de Galicia a competencia para o recoñecemento da condición de familia numerosa das persoas solicitantes residentes na comunidade autónoma de Galicia, así como para a expedición e a renovación do título que acredita a devandita condición e categoría.

A asimilación a descendente do fillo ou da filla concibido ou concibida e non nado ou nada acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da comunidade autónoma de Galicia.

4. Artigo 2 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (en diante LPFN). Concepto de familia numerosa.

1. Para os efectos desta lei, enténdese por familia numerosa a integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns.

2. Equipásense a familia numerosa, para os efectos desta lei, as familias constituídas por:

(...)

c) O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se atopen baixo a súa dependencia económica, aínda que non vivan no domicilio conxugal.

Neste suposto, o proxenitor que opte por solicitar o recoñecemento da condición de familia numerosa, propoñendo para estes efectos que se teñan en conta fillos que non convivan con el, deberá presentar a resolución xudicial na que se declare a súa obrigación de prestarlles alimentos.

No caso de que non houbese acordo dos pais sobre os fillos que deban considerarse na unidade familiar, operará o criterio de convivencia.

(...)

3. Para os efectos desta lei, considéranse ascendentes ao pai, á nai ou a ambos conxuntamente cando exista vínculo conxugal e, no seu caso, ao cónxuxe dun deles.

(...).

5. Artigo 3.3 da LPFN. Condicións da familia numerosa.

3. Ninguén poderá ser computado, para os efectos desta lei, en dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

6. Artigo 5 da LPFN. Recoñecemento da condición de familia numerosa.

1. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido para o efecto, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos nesta lei, a pedimento de calquera dos ascendentes, titor, acolledor, gardador, ou outro membro da unidade familiar con capacidade legal.

2. Corresponde á comunidade autónoma de residencia do solicitante a competencia para o recoñecemento da condición de familia numerosa, así como para a expedición e renovación do título que acredita dita condición e categoría. Para os efectos desta lei, este título terá validez en todo o territorio nacional sen necesidade de acto algún de recoñecemento. O contido mínimo e indispensable para asegurar a súa eficacia determinarase no desenvolvemento regulamentario desta lei.

7. Artigo 6 da LPFN. Renovación, modificación ou perda do título.

O título de familia numerosa deberá renovarse ou deixarse sen efecto cando varíe o número de membros da unidade familiar ou as condicións que deron motivo á expedición do título e iso supoña un cambio de categoría ou a perda da condición de familia numerosa.

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

Segundo o informe do Servizo de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, vostede, xunto cos seus tres fillos e o outro proxenitor, dado que ambos manteñen a custodia compartida, forman parte dun título de familia numerosa que foi renovado con posterioridade ao divorcio.

Por tanto, se esa situación mantense e a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa, é dicir, de vostede, dos tres fillos e do outro proxenitor, non excede da cifra de 400.000 euros, incluíndo o valor de adquisición do inmoble que constituirá a vivenda e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiacion allea, se poderá aplicar o tipo bonificado para adquisición de vivenda por familias numerosas, a condición de que cumpra o resto de requisitos

(documentar a adquisición en escritura pública e facer constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual).

No caso de que se modifique o réxime de custodia e pase a ser exclusiva dun dos proxenitores, unicamente manteríase no título o que teña a custodia. Nese caso, a efectos do cómputo de límite de patrimonio habería que sumar o patrimonio dos membros da familia que se mantivesen no título, incluíndo o valor de adquisición do inmoble que consituirá a vivenda.

Doutra banda, e dado que a LPFN establece que ninguén poderá ser computado, para os efectos desta lei, en dúas unidades familiares ao mesmo tempo, se subsiste o réxime de custodia compartida e un ou ambos proxenitores constitúe/n novas unidades familiares rotarán no título, outorgándose o título a cada un alternativamente cunha vixencia dun ano. Nese caso, o tipo bonificado só sería aplicable se o adquirente está en posesión do título no momento da compra, a condición de que a suma do patrimonio de todos os membros que formen parte do título nese momento non exceda o límite.

O que lle comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.